



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL****LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 742 Semana do 7 ao 13 de agosto de 2017

**MAÑÁ, 12 DE AGOSTO, DÍA INTERNACIONAL DA XUVENTUDE**

## **A XUVENTUDE GALEGA É VÍTIMA DO DESEMPREGO A PESAR DA SÚA FORMACIÓN, E A QUE TRABALLA, DA PRECARIIDADE LABORAL**

**Redacción.-** As mozas e mozos galegos, a pesar do seu bo nivel formativo, soportan taxas de paro superiores ao resto da poboación, fortísimas perdas de poboación activa polo efecto desánimo, altas taxas de parcialidade e temporalidade e salarios moito máis baixos. Isto conduce a unha situación de vulnerabilidade que urxe corrixir co fin de consolidar un mercado laboral máis xusto, áxil e eficiente. Sobre todo, nun contexto de crecemento económico, é necesario que este chegue a todas as persoas, incluídos as máis mozas que, finalmente, son o futuro do país e as que marcarán o rumbo do mercado laboral de cara aos vindeiros anos.

Estas son as principais conclusións do radiografía presentada hoxe en Santiago ante os medios de comunicación pola secretaria de Igualdade, Xuventude e Movementos Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez, sobre o mercado laboral das persoas máis novas en Galicia, con motivo da celebración mañá do Día internacional da xuventude.

### **BAIXA O PARO EN 19.000 MOZAS E MOZOS PERO BAIXA A POBOACIÓN ACTIVA EN 14.600 MENORES DE 35 ANOS**

Entrando de cheo no informe, que está elaborado en base aos datos da EPA do segundo trimestre de 2017, en comparación co mesmo período do ano 2016, conséntase unha diminución do desemprego entre as persoas máis novas (menores de 35 anos) en 19.000 persoas no último ano, aínda que este dato, que nun principio debería ser positivo, queda matizado pola alarmante perda de poboación activa neste mesmo período e nesta mesma franxa de idade, en 14.600 persoas menos.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Así, unha parte moi significativa da baixada do desemprego entre os máis mozos débese á forte caída da poboación activa, de case 15.000 persoas. Hai 19.000 persoas desempregadas menos e tan só 4.400 ocupadas máis, que sucede co resto dos mozos?.

### **A TAXA DE PARO XUVENIL É DO 21,6 POR CENTO, 5,5 PUNTOS SUPERIOR AO RESTO DE IDADES**

O informe arroxa unha realidade certamente preocupante cunha taxa de paro xuvenil en Galicia do 21,6 por cento, 5,5 puntos superior ao do resto da poboación, e unha taxa de actividade que se contrae nun punto no último ano, pasando do 64,5 por cento no 2016 ao 63,5 por cento actual.

Esta perda de actividade entre a mocidade está relacionada, non só co envellecemento da poboación, senón tamén co efecto desánimo da mocidade galega que, vendo poucas perspectivas de emprego, decide continuar formándose retomando os seus estudos ou optar pola emigración cara outros contextos con maiores oportunidades.

Dende UGT-Galicia insístese en que esta realidade, a relación que

existe entre a baixada do desemprego e a perda de poboación activa, é obviada sistematicamente polo Goberno galego cando publicita os datos mes a mes do desemprego en Galicia.

Ademais, aínda que o desemprego diminúa, non se pode esquecer a lacra do paro de longa duración, é dicir, aquelas perdoas que levan máis dun ano no paro. En Galicia o 22,97 por cento das persoas desempregadas de longa duración son menores de 35 anos.

### **O 22,87 POR CENTO DAS MOZAS E MOZOS CON EDUCACIÓN SUPERIOR ESTÁN NO PARO**

Por sectores, o 72,1 por cento das persoas menores de 35 anos atópanse no sector servizos, caracterizado por unha maior precariedade.

Outro dato que subliña o estudo é que o 83,18 por cento das mozas e mozos galegos están afiliados ao réxime xeral e o 13,35 por cento ao de persoas autónomas. Neste último caso, conséntase unha baixada de 5.148 persoas menores de 35 anos en catro anos, a pesar de que unha gran parte dos incentivos, axudas e subvencións das administracións van

dirixidas ao fomento deste tipo de emprego. Para UGT-Galicia, é evidente que basear as políticas activas de emprego nestes termos non é garantía de dinamización do mercado laboral.

## **O 21,7 POR CENTO DAS PERSOAS MENORES DE 35 ANOS TEÑEN CONTRATO A TEMPO PARCIAL. ESTA TAXA DISPÁRASE AOS 37,5 PUNTOS ENTRE AS MENORES DE 25 ANOS**

Unha análise da contratación da xuventude en Galicia evidencia que o 21,7 por cento das persoas menores de 35 anos teñen contratos a tempo parcial, fronte ao 13,9 por cento do conxunto de idades e o 61 por cento delas din que teñen este tipo de contrato porque non foron capaces de atopar un traballo a xornada completa (este último dato do Estado porque non existe a nivel de Galicia).

Esta taxa de parcialidade dispárase ao 37,5 por cento entre as menores de 25 anos. E, lonxe de diminuír a contratación a tempo parcial, esta aumenta no último ano, xa que en Galicia o número de menores de 35 anos cun contrato a xornada completa baixou en 2.500 persoas e as contratadas a tempo parcial foron 6.900 máis, concentradas maioritariamente na franxa de idades de entre 20 e 29 anos.

É evidente que a parcialidade leva consigo máis precariedade, xa que supón menos xornada e, polo tanto salario, sobre todo cando esta é involuntaria.

Para UGT-Galicia, a temporalidade é un desequilibrio básico do mercado de traballo, xa que a maioría da xuventude, para acceder ao emprego, o fai por medio da contratación temporal, sendo alarmante que isto estea asumido pola sociedade como algo normal.

Ante este problema, que xa é estrutural, as administracións dedicáronse a desenvolver políticas baseadas en incentivar a contratación de carácter indefinido, con axudas á contratación totalmente ineficaces.

## **A TAXA DE TEMPORALIDADE MEDRA EN CASE SEIS PUNTOS NO ÚLTIMO ANO ENTRE AS MOZAS E MOZOS**

De feito, a realidade é que diminúe a contratación indefinida a au-

menta a temporal. A taxa de temporalidade medrou en case seis puntos no último ano entre as máis mozas e mozos. As persoas menores de 35 anos teñen unha taxa de temporalidade en Galicia do 52,7 por cento, fronte ao 27,2 por cento que se rexistra no conxunto de idades. E no último ano, esta tendencia agudizouse, subindo en 5,85 puntos.

Se a análise se centra nas menores de 25 anos, en Galicia tres de cada catro persoas teñen un contrato temporal, o que supón o 75,1 por cento.

## **O 38 POR CENTO DAS PERSOAS MENORES DE 30 ANOS TEÑEN UN CONTRATO CUNHA DURACIÓN INFERIOR A SEIS MESES**

A duración dos contratos é outra das grandes lacras do mercado laboral xuvenil galego. O 38 por cento das mozas e mozos menores de 30 anos teñen un contrato cunha duración inferior a seis meses. Isto amosa unha gran vulnerabilidade para este colectivo.

Tamén se constata que a xuventude realiza un maior número de horas extraordinarias que o resto da poboación, un 6,22 por cento, fronte a un 4,98 por cento, a pesar de ter un maior número de contratos a tempo parcial. A isto hai que engadirille que se se analiza o número de persoas que realizan horas extras non pagadas, o 26,26 por cento son menores de 35 anos.

## **AS MOZAS E MOZOS DE MENOS DE 35 ANOS PERCI- BEN SALARIOS UN 21,9 POR CENTO INFERIORES AO RESTO DE IDADES**

Ao final, todas estas variables tradúcense en precariedade laboral e en salarios máis baixos. De feito, as mozas e mozos galegos menores de 35 anos perciben salarios un 21,9 por cento inferiores ao resto de idades e as menores de 25 un 42,9 por cento máis baixos.

Ademais, entre o 2010 e o 2014 as persoas menores de 25 anos viron reducido o seu salario nun 10,3 por cento e as de 25 a 34 anos no 7,05 por cento, mentres que no conxunto de idades neste mesmo período a diminución foi do 0,22 por cento.

## **CONCLUSIÓNS. A PRECARI- DADE NO EMPREGO XUVENIL**

Ante os datos expostos, non podemos senón cualificar a situación do mercado laboral da xuventude en Galicia como precario, inestable e sen dereitos. A precariedade é un conxunto de condicións que determinan unha situación de desvantaxe ou desigualdade caracterizada por:

Curta duración dos contratos.

Elevados índices de temporalidade.

Reducións de xornadas non desexadas.

Brecha xeracional.

Exceso de horas extras, con ou sen remuneración, case sempre de realización obrigatoria.

Riscos para a saúde laboral, debido á falta de formación e información.

Vemos como estas variables definen perfectamente a situación actual do mercado de traballo das mozas e mozos galegos, segundo os datos analizados neste informe.

Desde UGT Galicia propoñemos de maneira específica as seguintes medidas como factores clave para mellorar a inserción da xuventude e que esta teña unha garantías de calidade aceptables:

Fomentar o contrato relevo e a xubilación parcial novamente aos 61 anos co obxectivo de que exista unha transmisión de coñecemento entre a xeración que accede á xubilación e o seu relevo xeracional.

Poñer en marcha un Estatuto das Bolseiras e Bolseiros que regule as bolsas curriculares e as bolsas de investigación. Trátase de regular de maneira máis eficaz os requisitos que teñen que cumprir as empresas e institucións, a duración máxima das prácticas e un marco de protección social. As bolsas extracurriculares non deben incluírse neste Estatuto porque deben transformarse nun contrato laboral.

É necesaria unha reformulación do Plan de Garantía Xuvenil, así como maior información sobre os resultados do desenvolvemento do mesmo. O Executivo debe destinar estes recursos a fomentar ofertas de emprego e formación de calidade, a través da colocación inmediata nun posto vacante por parte dos servizos públicos de emprego, con asesoramento laboral de calidade.

## FE SP DENUNCIA AS DIFICULTADES DOS TRABALLADORES DE CORREOS POLA ESCASEZA DE EFECTIVOS

**Redacción.-** Manuel Santiago (FeSP-UGT) traslada o malestar dos traballadores de Correos polas dificultades que entraña traballar con plantillas mermadas e intentar conseguir, a pesar disto, os obxectivos marcados polo Goberno.

Ao respecto, Manuel Santiago explicou que "non queremos só as 2.450 prazas da convocatoria deste ano, senón que haxa tamén taxa de reposición, xa que non se chegan a cubrir as vacantes. O Sindicato cifra en 15.000 os postos de traballo perdidos pola empresa en España nos últimos anos.

Actualmente, a plantilla é de 50.000 persoas, aos que se lle engaden 7.100 máis que son contratos en quendas de catro horas para o reparto de notificacións administrativas, segundo Santiago, aínda que esa quenda é de cinco días á semana

en A Coruña, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Lugo e Vigo, mentres que no resto de localidade é só os martes e xoves. E, a pesar de que estes traballadores desenvolven a súa actividade oito horas á semana non figuran no paro, o que é un signo máis da precarización que se vive neste país e que afecta tamén a Correos.

Santiago tamén denuncia o que sucede no rural onde aos carteiros se lles pide tamén recargos de servizos de áreas urbanas, ademais do seu reparto habitual. E, aínda que os carteiros teñen fixado un recorrido máximo diario en coche de 200 kilómetros, a este hai que sumarlle o que fan na cidade, situación que deriva en que o servizo no rural se cubra cada tres ou catro días, cos prexuízos que isto ten para as persoas que viven neste eido.



Por outra banda, Manuel Santiago manifesta que o centro de tratamento automatizado de Lavacolla, ao que chega o correo procedente de fóra de Galicia, é un expoñente dos efectos da perda e envellecemento da plantilla. Alí existen contratos con xornadas parciais nas que a quenda de noite comeza ás 1.30 horas e sae ás 5.30, outro exemplo de precarización.

## SINDICATOS E PATRONAIS DO SECTOR DE ESTACIÓNS DE SERVIZO ÚNENSE PARA SOLICITAR AS 500.000 FIRMAS NECESARIAS PARA POÑER EN MARCHA UNHA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR

**Redacción.-** Os sindicatos UGT FICA e CCOO de Industria, as patronais CEEES e AVEVECAR e a Confederación de Persoas Discapacitadas (COCEMFE) iniciaron unha campaña conxunta de recollida de firmas en defensa do emprego no sector das estacións de servizo (EES). O obxectivo é solicitar as 500.000 firmas necesarias para iniciar unha Iniciativa Lexislativa Popular a favor das estacións de servizo atendidas e seguras.

65.000 traballadores que traballan nas estacións de servizo atendidas están a ver ameazados os seus empregos e o futuro das súas familias pola proliferación nos últimos anos de estacións de servizo desatendidas, unha modalidade que destruíu 2.700 postos de traballo nos dous últimos anos mentres se abrían 500 gasolineras desatendidas. Cada gasolinera desatendida aberta supón 5,4 empregos.

Os axentes sociais do sector consideramos necesario poñer coto a esta modalidade favorecendo a implantación de estacións de servizo atendidas por constituír un sector de interese nacional que garante os dereitos dos consumidores, o mantemento do emprego, a se-

guridade das persoas e do medio ambiente e a atención ás persoas con discapacidade, entre outras razóns.

Reivindicamos a necesidade de que a regulación das estacións de servizo desatendidas efectúese desde o ámbito nacional mediante unha lei específica para iso. A norma debería recoller necesariamente a obrigatoriedade de que todas e cada unha das gasolineras do noso país por motivos de seguridade contén con, polo menos, unha persoa de servizo as 24 horas para atender ao público, e especialmente ás persoas discapacitadas.

Poñemos en valor a importancia vital dos traballadores nas estacións de servizo, pola súa profesionalidade e formación para a atención aos usuarios cun obxectivo primordial de contribuír ao mantemento do emprego en España.

A campaña de recollida de firmas, que inclúe dísticos, carteis e formularios, vai levar a cabo nas propias estacións de servizo. Só haberá que apuntar o nome, apelidos e DNI e asinar o formulario para salvar os 65.000 empregos actuais do sector.



## Os traballadores da seguridade privada dos aeroportos de A Coruña e Santiago anuncian paros parciais a partir do día 20

**Redacción.-** FeSMC-Coruña anuncia paros parciais nos aeroportos de A Coruña e Santiago a partir do 20 de agosto no servizo da seguridade privada para denunciar a precariedade das condicións laborais e un modelo de sector baseado, exclusivamente, na competencia sobre prezos.

Os vixiantes de seguridade de Alvedro prestan servizo para Eulen Seguridade e, entre outras reivindicacións, solicitan o abono do plus de radioscopia para toda a plantilla, que cesen as ampliacións de xornada na quenda de tarde e que a formación se realice durante a xornada laboral.

En Santiago, a empresa que presta o servizo é Prosegur, aquí os traballadores solicitan o abono do plus de radioscopia, un abono mínimo de seis horas de xornada nas quendas inferiores á mesma e o abono do aparcamento, entre outras cuestións.



## A VIOLENCIA NON PODE SER UNHA FORMA DE DENUNCIA, NIN NO SECTOR TURÍSTICO NIN EN NINGÚN OUTRO

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores rexeita os brotes de violencia que se están producindo nalgunhas zonas turísticas de España e reitera, unha vez máis, a imperiosa necesidade de actuar sobre o modelo turístico español para erradicar a explotación laboral, darlle calidade, sustentabilidade, e facelo compatible cos dereitos cidadáns nas zonas turísticas. Este debate non está no enfrontamento entre nativos e foráneos, senón na falta de actuación política.

UGT considera que é necesario reconducir a situación do sector turístico que, actualmente, está a xerar rexeitamento entre a poboación dalgunhas zonas de España como Cataluña, San Sebastián, Palma de Mallorca e Eivissa, pola masificación e as políticas que permitiron a explotación laboral, a fraude fiscal, a degradación das contornas urbanas e a sobreexplotación dos espazos naturais.

Para o sindicato, que rexeita rotundamente os actos violentos e os enfrontamentos, é preciso un cambio de políticas posto que non se trata de contabilizar, simplemente, cantas persoas visitan o noso país senón que é o que achegan. Esta situación ten un impacto directo e negativo sobre a calidade dos servizos e o empobrecimento da actividade turística. A sobreesaturación e a aglomeración levaron danos no benestar e a convivencia en determinadas poboacións.

Hai escasamente un ano que UGT, coa campaña "A Cara B do Turismo", conxuntamente con outras organizacións do sector, denunciou o esgotamento do noso modelo turístico e o modelo de explotación laboral sobre o que se sostén. Un ano despois, a situación é aínda peor. Os datos do Banco de España difundidos polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital indican un incremento do 11,8% dos ingresos xerados en España polos turistas estranxeiros nos cinco primeiros meses do ano.

En materia de emprego, con todo, os datos EPA indican que, durante os seis primeiros meses do ano, os contratos indefinidos no sector turístico creceron un 1,6% respecto ao



ano anterior, pero os temporais fixérono cinco veces máis (8,8%). A taxa de temporalidade (36,1%) é 9,3 puntos superior á xeral (26,8%).

Un sector con achegas esenciais ao noso PIB non pode sosterse sobre unha progresiva precarización das condicións de traballo dos profesionais do sector, como consecuencia da reforma laboral, a rebaixa das condicións sociais a través da externalización de actividades e das empresas multiservizos e os contratos a tempo parcial de moi curta duración; o incremento da temporalidade co acortamento das aperturas de hoteis de tempada, a sobrecarga de traballo e o abuso e aumento dos riscos para a saúde.

UGT aposta por desenvolver un cambio de modelo, unha estratexia turística común, a través dunha reconversión integral do sector con implicación das administracións públicas, e desde o diálogo social, cambiando o actual modelo de sol, praia e lecer a baixos prezos, que dá evidentes síntomas de esgotamento, e substituílo por outro no que prime un turismo de calidade, de alto valor engadido, desestacionalizado, que faga uso eficiente e eficaz das novas tecnoloxías, e que aposte pola formación dos seus traballadores e traballadoras e a mellora das condicións laborais.

### Neste sentido, é necesario:

\* Potenciar elementos como o patrimonio cultural e histórico do noso

país, a paisaxe, a biodiversidade ou a gastronomía.

\* Impulsar a estabilidade laboral dos traballadores e traballadoras do sector turístico mediante unha interrelación eficaz e efectiva das diferentes modalidades de turismo (sol e praia, cultural, verde, activo e turismo enfocado á diversidade funcional) que favoreza a profesionalización nun marco de ruptura da estacionalidade.

\* Repercutir beneficios empresariais en incrementos salariais dos traballadores e traballadoras do sector. Un traballador motivado é un traballador xustamente remunerado.

\* Investimento real en formación de traballadores que achegue calidade e cualificación ao propio sector. Potenciar, entre outras, a figura do traballador fixo discontinuo, que combina a temporalidade do sector coas garantías xurídicas de continuidade no emprego.

\* Desterrar a cultura da externalización de servizos como vía para a precarización das condicións laborais.

\* Sen renunciar ao turismo de sol e praia, pois temos gran experiencia e percorrido neste segmento, o sector debe diversificarse con propostas de calidade que ofrezan outras alternativas: culturais, gastronómicas, rurais, organización eventos... É dicir, captación de novos nichos de mercado que xeren unha maior afluencia de turistas (e con outros perfís) e un incremento nos ingresos.

## O TRIUNFALISMO DA COMISIÓN EUROPEA É PARA OS CIDADÁNS TAN INJUSTIFICADO COMO OFENSIVO

*Ignorar os danos causados pola crise nas clases medias e traballadoras é inadmisíble*

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores considera inaceptable a exhibición de autocompracencia realizada pola Comisión Europea ao cumprirse dez anos do comezo da crise económica que transformou a vida dos cidadáns e cidadás europeos e que afectou gravemente ó proxecto comunitario. Centrarse exclusivamente, como fai a Comisión Europea, na progresión dos aspectos macroeconómicos e regulatorios, ignorando a situación de desemprego, precariedade, empobrecemento colectivo, desregulación laboral, enfraquecemento das prestacións e servizos do modelo social europeo, degradación da calidade democrática e da confianza nas institucións, ou a radicalización social crecente nalgúns países da UE, resulta inadmisíble, inustificado e ofensivo para a cidadanía europea.

É especialmente significativo que a Comisión Europea, promotora e executora dunhas políticas de austeridade que recaeron esencialmente sobre as costas dos cidadáns e cidadás europeos -provocando, entre outras cousas, o incremento das cifras de pobreza e exclusión social, e a des-

aparición de capas enteiras das clases medias europeas- non incorporasen no seu balance desta última década un recoñecemento ao dano provocado na inmensa maioría da poboación europea que terminou pagando cos seus recursos e o seu nivel de vida as fraudulentas prácticas dos sistemas bancarios, e a incapacidade dos gobernantes nacionais e europeos para controlar os mercados de capitais, ou para prever e previr a crise.

Esta elusión das consecuencias sociais das súas políticas, negando a súa relevancia, resulta especialmente preocupante para a actuación política no curto e medio prazo. É inaceptable que as institucións europeas dean por superada a crise e que as súas consecuencias en termos laborais e sociais deixen de ter a consideración de críticas para pasar a crónicas.

Moi ao contrario, o Sindicato considera que hai que finiquitar a austeridade e as leis da vergoña que trouxeron debaixo do brazo. Hai que cambiar desvalorización sa-



larial por subidas de salarios, pensións e subsidios.

A austeridade e os axustes déronlle un tallo aos nosos dereitos cidadáns e os nosos servizos públicos e a súa reposición debe ser unha tarefa política prioritaria. Hai que derrogar as leis que supe-ditan os intereses das persoas aos das empresas. A saída da crise, ou é compatible cun salario xusto, unhas condicións laborais xustas, e uns sistemas de protección social maioritarios, ou non será saída.

## SE HAI VONTADE POLÍTICA PRORROGARASE O PREPARA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores empraza ao Goberno para prorrogar o Prepara, e así o reclamará na reunión que o vindeiro luns manterán os interlocutores sociais no Ministerio de Emprego, e a buscar a solución xurídica adecuada coas comunidades autónomas para cumprir a sentenza do Tribunal Constitucional porque o Estado ten facultades normativas e de xestión sobre o Réxime da Seguridade Social.

O sindicato considera que a sentenza, en todo caso, non pode servir de escusa para non prorrogar esta axuda, cuxa vixencia finaliza o próximo 15 de agosto, ás persoas que están en desemprego e esgotaron a prestación.

UGT esixiu a prórroga do Prepara cos requisitos anteriores á reforma do PP do 2012, que son moito menos restritivos, de ahí a baixa taxa de uso do programa.

Para o sindicato, será posible prorrogalo outros seis meses, tempo



suficiente para que se acometa a revisión en profundidade deste e outros programas de protección e axudas dirixidas aos colectivos con máis dificultades de inserción, na mesa de diálogo social co obxectivo de que se incrementen os dereitos dos desempregados, tal e como se comprometeu o Goberno cos axentes sociais no

seo da mesma, así como poñer en marcha un verdadeiro Plan de Choque polo Emprego, para o que UGT propuxo na mesa, como urxente e necesario, a avaliación de todos os desempregados/as actuais co fin de establecer itinerarios personalizados de inserción, tal e como se fai no resto de países da contorna europea.